

## Notas sobre o cruceiro do Tabolado

el [enero 28, 2023](#)

Félix Álvarez Rodríguez  
(delouredo.blogspot.com)

### Notas sobre o cruceiro do Tabolado, Louredo

O [cruceiro do Tabolado](#), ou [de Refexón](#), é o único que está nun **cruce de camiños**. Varal octogonal, sen inscricións, un pedestal, sen imaxes. No cruce Louredo-Refexón (cara Remuíño, Arnoia)-Tabolado (Louredo, en liña cos barrios dos Veciños e O Pazo). O seu autor foi don **Juan Míguez Domínguez**. Do mesmo estilo que o da **Alfarrapa** e **A Torre**.



## Confluencia de camiños





Postos ante o cruceiro (<https://cutt.ly/Rb9UofQ>), o camiño que sobe cara o pobo e barrio de Louredo (<https://cutt.ly/2b9UYVi>) queda ás costas (<https://cutt.ly/Vb9UJHU>), mentres que o do Tabolado (<https://cutt.ly/Eb9UFHp>) ábrese á man esquerda. Polo primeiro chegas ó peto de ánimas (<https://cutt.ly/Rb9U8NJ>) e tamén ós restos da escola pía (<https://cutt.ly/Yb9Iw9Z>). Polo segundo, ás viñas do Pireiro (<https://cutt.ly/Bb9UQ6f>), Tras do lagar e A Ladeira, ademais da escola do Tabolado (<https://cutt.ly/Cb9IQS6>), hoxe centro social. Hai un terceiro camiño, o da dereita, Refexón (nos mapas, Refoxón), que baixa cara Remuíño (<https://cutt.ly/ob9IRwM>) e que empata ca estrada cara Zaparín. Inda que se percorre en coche, hai un camiño que é o vello, quizás hoxe de monte e non practicable (<https://cutt.ly/Bb9IUb7>), polo que pasaron moitos louredeses no seu camiño ós muíños (<https://cutt.ly/Rb9IFTL>) do Inquiau (<https://cutt.ly/ZYZMwXA>).

### O nome de cruceiro

Cruceiro do Tabolado, nun [cruce de camiños](#). Moitos din que o cruceiro colócase en lugares así, pero non é a única opción á hora de entender de onde vén a palabra "cruceiro". Tamén se fala de que poden ser construcións en pedra que recordan a cruz procesional. E hainos que marcan os límites de poboación (cruz de término).

Por exemplo, [en Louredo](#) este é o que mellor recolle as ideas **de cruce de camiños e de término**. Os restos do vello cruceiro da Alfarrapa, colocados nun muro da viña do **Pireiro**, por azar recollen a de cruce. Mais, o actual da **Alfarrapa** está á beira do camiño, quedando a varios metros dun cruce (**A Telleira**, Soutelo), inda que ben pode ser un de término. O da **Torre**, tamén á beira, a uns metros da estrada que segue cara **O Outeiriño e Os Veciños** e o camiño que sube cara os **Diestros**.

## A ficha patrimonial

CONCELLO DE CORTESADA		CÓDIGO DO ELEMENTO: <b>2-2</b>	
NOME: Cruceiro en Louredo	LUGAR: As Hortiñas (Louredo)	PARROQUIA: San Xoán de Louredo	LOCALIZACIÓN EN PLANO: <b>EX-01</b>
CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Agrícola	CALIFICACIÓN: Sistema Local Vario	GRADO DE PROTECCIÓN: Integral (Ben de Interese Cultural)	
		ADSCRICIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños	
DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito sobre un pedestal cúbico achafranado, asentado directamente no chan, do que arranxa un varal de sección octogonal que comeza e remata cadrado, sobre o que se asenta unha cruz sen figuración de sección octogonal con base de sección cadrada. Este elemento está protexido polo decreto 571/1963 e ten consideración de Ben de Interese Cultural pola Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.		ADSCRICIÓN CULTURAL: CRONOLOXÍA: PROPIETARIO: USO ACTUAL: ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular.	
		<p style="text-align: center;"><b>XUNTA DE GALICIA</b> Aprobado definitivamente por Orde do Consello de Medio Ambiente, Turismo e Infraestruturas de data: <b>28 FEB. 2012</b></p>	

No **PXOM** do concello de

**Cortegada** aparece a seguinte descrición do cruceiro: *Cruceiro construído en granito sobre un pedestal cúbico achafranado, asentado directamente no chan, do que arranxa un varal de sección octogonal que comeza e remata cadrado, sobre o que se asenta unha cruz sen figuración de sección octogonal con base de sección cadrada. Este elemento está protexido polo decreto 571/1963 e ten consideración de Ben de Interese Cultural pola Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.*

Non hai cronoloxía nin outros datos. **A localización** ("As Hortiñas") chamoume a atención, xa que tal topónimo atopámolo na confluencia da zona do Regueiro co barrio de Louredo, na zona esquerda, enfrente da "funeraria", sendo terreo de horta, herba e algunhas cepas. Polo cal estaríamos ante un erro. O lugar correcto é O Tabolado, na confluencia Tabolado-Louredo-Refexón.

## Prácticas devocionais

Cando se pasaba diante dun cruceiro en Louredo había quen **rezaba**:  
"Adorámote, Cristo, y bendecísmote, que por tu santa Cruz redimiste el mundo"  
(oración que forma parte do Via Crucis).

Dende hai unhas semanas (dende o mes de defuntos?) observo que hai un ou dous cirios electrónicos, postos no pé do cruceiro. Xeralmente, víase un ramos de flores de plástico ou unhas naturais moi de cando en cando.



## Un contión

Alí, [na encrucillada do Tabolado](#), un veciño de Louredo atopouse co demo e recomendoulle este un acto de fe... de fe cristiá!

Xa o contaron os pais dos meus pais, sinalando mesmo [o lugar onde aconteceu](#) esta historia. Nos días en que os louredeses baixaban a Remuíño a moer o gran de millo, aconteceu que un home, cargado co seu saco, atopou outro, cun lume pequeno que o quentaba. Eran tempos nos que se cargaba o froito da terra e o traballo dos labregos, levándoo dende as casas ós muíños da zona do Inquiáu, no paso do río Arnoia polo concello do mesmo nome.

O [camiño de Refexón](#), en baixada, era unha posible vía romana, e fora percorrido polo [padre Sarmiento no s. XVIII](#).

Chamámoslle Refexón (Refoxón nos mapas) e comeza nunha encrucillada, onde unha simple cruz bendice a quen lle dedica unha oración tranquila.

O caso é que o veciño de Louredo levaba o saco ó lombo e pasou diante do cruceiro de pedra e do home do lume coma quen pasa por diante dun gato. Uns pasos máis alá escoitou que o home lle dicía: escoita, xa que non me saúdas, polo menos saúda a este que está ó meu lado (referíndose á cruz de pedra). Seguíu o seu paso sen facer caso.


Á volta, buscou os restos do lume que quentara a aquel home misterioso... E non os atopou! Fora o demo que, en forma humana, merodeaba pola aldea esa noite!



## Referencias

Na súa sinxeleza e falta dun estudio por profesionais, este cruceiro do Tabolado comeza a ser coñecido gracias ás publicacións fotográficas e breves **referencias** textuais.

Aparece no n. 09 da revista 'Nós, a Xente do redor', presentada no Liceo de Ourense o xoves 26 de xaneiro de 2023.



A súa ficha pode consultarse en:

1. [Galicia nomeada](#) (pendente de actualizar)



### Cruceiro de Refexón ou do Tabolado

ENTIDADES HUMANAS > ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL > CRUCEIRO / CRUZ / PETO DE ÁNIMAS

Louredo (San Xoán), Cortegada - Ourense /o kru'θejro de refe'ʃon ow do tabo'lado/ Engadido por DeLouredo Validado  
15 mar. 2020

Fuste octogonal, pedestal sen inscricións, cruz sen imaxes. Situado na confluencia dos camiños e lugares: Louredo, Refexón e Tabolado. Del cóntase a historia daquel louredés que baixaba a Remuño, cargado co saco do gran, e que viu a un home quentándose ó lume. Pasou sen saudalo e o home da fogueira díxolle: se non me saúdas a min, alomenos saúda ó que teño ó lado (referíndose ó cruceiro). Cando regresou o louredés nin atopou a aquel misterioso ser nin restos de lume ningún. Un pouco máis vos conto en <https://delouredo.blogspot.com/2019/08/el-demonio-en-el-cruceiro-de-o-tabolado.html> Elemento 2-2 das fichas patrimoniais do PXOM de 2012, páxina 3 de <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/CORTEGADA/documents/27627ca003.PDF>


Observacións  
Aínda ningún revisor realizou ningunha observación sobre o topónimo



LA DENOMINACION 'CRUCEIRO'  
La propia deriva mitológica en los estudios sobre los cruceiros ha provocado que entre el común se considere que su nombre deriva de la acepción antigua de cruceiro que significa encrucijada<sup>12</sup>. Lamentamos por última vez contradecir a los mitólogos pero, por todo lo expuesto hasta ahora, parece más que probable que nuestro más reciente monumento tome la acepción de 'demonio' por ser el cruceiro el encargado de llevar la cruz delante de los Arzobispos, en las procesiones u otras funciones sagradas.  
Roberto Fernández  
del 'O Cruceiro Negro'

2. [Esta mesma bitácora](#)

fuste octogonal e cruz. Non teñen imaxes. Só no da **Torre** se aprecian ilexibles inscricións na súa base. Sería o modelo no que se fixaron canteiros do pobo, como o **señor Xaquín**, para tallar os outros dous?



Actualmente, só o do **Tabolado** se atopa nun cruce de camiños, estando, por un lado, o que vai cara o barrio de Louredo, por outro cara O Tabolado e, en baixada cara o pobo de **Remoño**, o camiño de **Refexón**. Os outros dous están á beira de sendos camiños. Curiosamente, os anacos do cruceiro primitivo están nun cruce de catro camiños.

*Cruceiro da Torre*

**Están os cruceiros onde foron levantados orixinariamente?**

Respecto dos lugares orixinais, os veciños



### 3. [Cruceiros de Galicia](#)



Fotos: Félix Álvarez  
[delouredo.blogspot.com](http://delouredo.blogspot.com)

El cruceiro figura en el Catastro de Ensenada

El demonio en el cruceiro de O Tabolado



2006



2019



2021

Fotos: Félix Álvarez

PLAN  
XERAL  
DE  
ORDENACION  
MUNICIPAL

Cruceiro catalogado en el PXOM, ficha nº 2-2 ([hoja 3 del documento](#))



**Fotos de xaneiro 2023**









